




COSTA DE VILANOVA DE AROUSA

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 8,5 km (lineal) + 3 km de desvío ao Esteiro e o rego de Currás, e 1,3 km á punta da Laxe de Borreiro pola estrada.

Dificultade: baixa



O concello de Vilanova de Arousa está situado no interior da ría de Arousa, lindando con Vilagarcía e Cambados e fronte á illa de Arousa. Ten unha costa baixa e abrigada que alterna áreas rochosas con areais e esteiros. Acolle ricos ecosistemas mariños que son base dunha importante actividade marisqueira, e praias que se empregan como lugares de lecer.


Toda a costa está intensamente ocupada e, en moitos casos non se pode percorrer o litoral. Pódese facer nunha única xornada ou en varias etapas e mellor coa marea baixa, para poder ir pola beira do mar. En moitos tramos hai paseos acondicionados e sinalizados.




Punta Borreiro



Ilote Gorma



Loureiro na costa de Corón



PERCORRIDO

Podemos comenzar case na linde do concello na **punta da Laxe de Borreiro** ao pé do **Centro de Estudos Mariños**, ainda que hai un tramo no que as construccions dificultan o paso pola beira do mar. Pasamos logo pola **praia e o peirao da Aduana** desde onde podemos ver case toda esta parte da costa, o **illote da Gorma** e ata a punta das Sinas. Seguimos logo pola beira do mar ou pola parte alta das praias pasando pola **praia e a punta das Sinas** e os seus cons, a **praia Mosqueira, a punta e a praia do Bornal** (se está a marea chea hai que dar un rodeo polas construccions que ocupan a costa), a **punta e á praia de Fuciño do Porco**, a zona da Basella e o **porto de Vilanova de Arousa**, no que faremos unha parada para coñecelo, e para dar unha volta pola vila. Pódese completar o paseo facendo un desvío, seguindo a carón do **Esteiro**, ata os **muíños do rego de Currás**.


Cruzamos o esteiro pola ponte peonil e seguimos a costa pasando pola **praia e punta do Ariño**, a **punta Nouxida**, a **Posta da Secada**, as **praias do Terrón** e do **Bote ou da Pasaxe** e a **punta Sartaxa**, e pasamos por debaixo da **ponte** que leva á illa da Arousa.

Logo continuamos pola **praia da Pedra Cabalgada**, a **praia e o illote do Castelete**, a **praia das Patiñas** e un pouco máis alá o **regó do Alcalde**, o **peirao de San Miguel** e a **punta das Casiñas**, onde podemos rematar o percorrido.



Peirao da Aduana

A costa de Vilanova desde o aire



Punta Laxe de Borreiro



Punta Laxe de Borreiro e Centro de Investigacións Mariñas.



Praia da Aduana




Praia e punta das Sinas



Praia Mosqueira



Punta e praia do Bornal



Praia do Bornal





Punta e praia do Funciño do Porco




A Basella



VILANOVA DE AROUSA: o porto e O Esteiro



11-O Esteiro.
No fondo desemboca o rego de
Currás e hai dúas illas
(Currás e Ansuiña da Pantrigueira)





O Ariño



Punta Nouxido



Posta da Secada



Punta do Con da Mina



16-Praia do Terrón




Praia do Monte

Pedra Sartaxe e As Carballas



Praia da Pasaxe ou do Bote, antigo paso a pé á Illa de Arousa e punto de arranque da ponte que une a Illa coa costa de Vilanova.




Punta Valeiro e ponte que une Vilanova coa Illa da Arousa



Praia da Pedra Cabalgada



Pedra Cabalgada



Ilotte Castelete, Pedra do Sal e Negrenlas



Praia do Castelete




Praia das Patiñas. Pedras Lañeiras



Piñeiro na praia das Patiñas



Rego do Alcalde



A Touza



Pedras do Marco